

Literatura




ESCANÉAME

Cucaina • Aula das Letras



Accede á literatura de Vicens Vives e escolle o formato que mellor se adapte ás túas necesidades

Dispoñible compra en papel



Dispoñible compra en edubook

Máis de 200 títulos accesibles desde calquera dispositivo.





Literatura Vicens Vives, un empeño educativo

Deseñar unha colección literaria é un labor apaixonante. Así a todo, o reto é dobre cando se pretende conxugar o pracer que produce a lectura dun bo libro coa vontade de formar a sensibilidade e o espírito crítico dos estudantes. Tal empeño, que atopa camiño aberto pola traxectoria editorial de Vicens Vives, materializouse na creación de dúas coleccións literarias que, con decidida vocación didáctica, están presididas por un rigor intelectual e unha calidade de edición capaces de satisfacer o lector máis esixente.

Cuacina concibiuse para os primeiros niveis do ensino secundario e distínguese pola calidade das súas numerosas ilustracións e polo seu atractivo formato. En Cuacina publícanse relatos de escritores como Oscar Wilde, Charles Dickens, Arthur Conan Doyle ou William Irish, quen, ao tempo que nos conmoven coa beleza das súas historias,

nos proporcionan sabias leccións sobre o ser humano. Algúns títulos desta colección son adaptacións de grandes obras elaboradas cun refinado estilo literario.

Con **Aula das Letras** pretendemos guiar os primeiros pasos do estudante que se inicia na lectura de obras fundamentais da tradición literaria universal. A escolma de autores e títulos capaces de seducir a lectores en proceso de formación é, xa que logo, un obxectivo básico desta colección ilustrada en cor por afamados artistas.

Ambas as coleccións dan cabida a toda clase de xéneros literarios. A edición de todas as obras segue dous criterios rexedores: as notas e prólogos proporcionan o conxunto de claves para a comprensión cabal do texto, mentres que as meditadas actividades estimulan a participación activa e a reflexión persoal do estudante.

Cucaina

O texto literario está composto cunha letra facilmente lexible. As abundantes ilustracións en cor son obra de prestixiosos **ilustradores** nacionais e estranxeiros. A **nota léxica** está redactada con gran sinxeleza e claridade.

As **actividades** ofrécese como complemento da lectura e estrutúranse en tres apartados:

- En «Comprensión» ou «Argumento» repásanse os episodios ou as situacións claves que fan progresar a acción.
- En «Comentario» e «Expresión» vaise alén da comprensión superficial da obra, e, en función da idade á que se destina cada lectura, reflexiónase sobre personaxes, temas, valores éticos etc.
- En «Creación» e «Expresión» propóñense toda unha serie de actividades creativas arredor da obra: composición de textos escritos, debates, dramatizacións etc.

Todos os volumes contan cunha **Guía didáctica**.






O **texto literario** está composto cunha letra facilmente lexible.

As **notas** están redactadas con gran sinxeleza e claridade.

As **abundantes ilustracións** en cor son obra de prestixiosos ilustradores nacionais e estranxeiros.

As **actividades**, divididas en tres seccións, constitúen unha guía sinxela e amena para tirar maior rendemento da lectura.



O Principe Feliz

Argumento

- De quen se namora a andoriña ao principio do conto? (p. 16) Que sucede cando chega o outono?
- A andoriña pousase entre os pés da estatua do Principe Feliz e repara en como chora. Como era a vida do Principe cando estaba vivo? Que descobre cando é xa tan só unha estatua? (p. 19)
- O Principe desexa remediar os males da xente necesitada e para isto decide pedirlle axuda ao paxaro. Copia no teu caderno o seguinte cadro e éncheo:

	A quen axuda o Principe e por que	De que se desprende
a		
b		
c		
d		

- En que momento renuncia a andoriña á súa viaxe a Exipto e por que motivo? Que é o que acontece tras a morte da andoriña? (p. 30)
- Ao final do conto, que decisión adoptan os concelleiros e mais o alcalde ao respecto do Principe e da andoriña. E que decide Deus?

Comentario

- Este conto trata sobre o amor aos demais e o amor que se dá entre dous seres. O Principe amosa o seu amor aos demais pobo. Que está disposto a facer o Principe polos necesitados o comportamento deste Principe podería ser practica? Cres que tros principes e gobernantes? Por que?
- A nai e o fillo pobres pasan fame e están enfermos, pero, en contraste coa miseria na que viven, para quen borda a nai pagada polo seu traballo? Poderían pagarlle máis?
- Ao comezo do conto a estatua do Principe é fermosa e lustrosa, pero ao final está toda deslucida; non obstante, é daquela Principe para beber os ventos por el? Por que o Principe cae namorado tamén dela? Que crees que debemos pór en valor nas persoas: o seu aspecto físico ou a súa calidade e os seus valores humanos?



- A andoriña morre por lle prestar axuda ao Principe, e o conto ten por este motivo un final triste. Pero se estiveses na pel da andoriña, farías o mesmo ca ela? Ou se cadra actuarías coma os concelleiros? Debatede este asunto entre os compañeiros e compañeiras da aula.

Expresión

- Escribelle unha carta ao alcalde na que lle expliques por que a estatua do Principe quedou deslucida e por que apareceu ao pé o corpo dunha andoriña morta. Pidelle non



1. A voz dos soños e outros contos prodixiosos

Hugh Lupton

Ilustracións: **Niamh Sharkey**
Contos tradicionais e fantásticos

Como pode ver un cego con máis claridade que un cazador? É posible que chovan moletes e que os peixes naden entre a herba dos bosques? As cativadoras historias deste libro advirtennos contra as persoas contiñeiras, suxírennos que confiar nos soños non sempre resulta desatinado, e apréndennos que o máis sabio é quen ve cos ollos da mente... e do corazón.



80 p.

ISBN: 978-84-682-1062-9



edubook

2. O Xigante egoísta e outros contos

Oscar Wilde

Ilustracións: **P. J. Lynch**
Contos morais e fantásticos

Este libro reúne os contos máis fermosos e conmovedores de Oscar Wilde, os seus relatos máis dotados de valores morais. Os protagonistas destes contos alcanzan a felicidade e o amor cando, renunciando ao egoísmo, se mostran amables e xenerosos e se preocupan polo ben dos demais.



104 p.

ISBN: 978-84-682-1104-6



3. Fábulas de Esopo

Jerry Pinkney


Ilustracións: **Jerry Pinkney**
Contos morais e fábulas

Neste fermoso libro escolmáronse sesenta fábulas de Esopo, un xénero e un autor imitados sen descanso. A súa permanente popularidade non é de estrañar, pois cada relato depara unha sorpresa: un muiñeiro e seu fillo deciden levar un burro ao lombo, un lobo disfrazase cunha pel de ovella, unha gansa pon ovos de ouro, un sapoconcho gáñalle a unha lebre nunha carreira...



128 p.

ISBN: 978-84-682-1133-6



4. Conto de Nadal

Charles Dickens


Adaptación: **P. Anton Pascual**
Ilustracións: **David Shannon**
Relato moral e de fantasía

Ao vello avarento Ebenezer Scrooge aparéceselle unha noite catro espectros que fan que recapacite sobre a súa conduta e que lle amosan o sinistro futuro que terá se teima no seu egoísmo. Con este conmovedor relato, Dickens propúxose remover as conciencias dos seus lectores e convencelos da necesidade de seren bondadosos e de practicaren a caridade nun mundo inxusto.



112 p.

ISBN: 978-84-682-1071-1



edubook

5. Mitos gregos

Maria Angelidou

Adaptación: **Miguel Tristán**
Ilustracións: **Svetlin**
Relatos mitolóxicos

Toda a maxia e a beleza da mitoloxía aparecen reflectidas nos catorce mitos gregos desta antoloxía. O libro explica, entre outras historias, a loita de Teseo contra o Minotauro, a lenda da caixa de Pandora, o desafortunado voo de Ícaro, a viaxe de Orfeo aos infernos e a astucia do cabalo de madeira co que Ulises puxo fin á guerra de Troia.



128 p.

ISBN: 978-84-682-1049-0



edubook

6. Un tirón no rabo

Mary Hoffman

Ilustracións: Jan Ormerod


Fábulas e contos de animais

Que acontece cando un lobo comellón pretende papar a ovella máis repoluda? E cando un raposo presume da súa velocidade diante dun caranguexo? Neste libro reúnense once divertidas historias de animais, nas que o lector descubrirá que se un se pasa de listo, é demasiado cobizoso ou se comporta coma un farfallán, pode saír bastante malparado.



112 p.

ISBN: 978-84-682-1268-5



7. Aprendiz de detective

Un roubo moi custoso

William Irish

Ilustracións: Rubén Pellejero

Aventura, misterio e humor negro

A intriga, a emoción e o suspense atrapan o lector desde a primeira á última liña destes dous magníficos relatos policiais. No primeiro deles viviremos a aventura dun verdadeiro «aprendiz de detective». O humor negro de *Un roubo moi custoso*, en troques, culmina nun arrepiante desenlace.



128 p.

ISBN: 978-84-316-2941-0



8. Relatos de monstros

Steven Zorn

Ilustracións: John Bradley


Terror, humor e fantasía

Polas páxinas deste libro espreatan toda clase de monstros: un maravilhoso dragón, uns enredantes trasnos, a criatura do doutor Frankenstein, un temible lobishome... Os seis relatos que narran as súas aparicións farán que arrepiés de medo, que te divirtas, que te emociones, pero, sobre todo, con eles aprenderás que non todos os monstros son tan espantosos nin tan daniños como os pintan. A que esperas para descubri-lo?



104 p.

ISBN: 978-84-682-1266-1



9. Grandes esperanzas

Charles Dickens

Adaptación: J. M. Pérez Zúñiga

Ilustracións: Iassen Ghiuselev


Relato de aventuras e formación

O orfo Pip namórase de Estella, unha fermosa rapaza que vive cunha excéntrica anciá. Para conquistar a súa amada, Pip decide converterse nun cabaleiro e arderse da súa humilde familia. Esa cega ambición lévaa a desdixar a todos aqueles que o queren de verdade e a se deixar humillar polos que o desprezan, o cal fai que se sinta culpable e descubra, ao cabo, que o segredo da felicidade reside nos bos sentimentos.



224 p.

ISBN: 978-84-682-1275-3



10. Robinson Crusoe

Daniel Defoe

Adaptación: Eduardo Alonso

Ilustracións: Robert Ingpen


Novela de aventuras

Dominado pola ambición e o afán de aventuras, o mozo Robinson Crusoe abandona o seu fogar paterno e, tras superar unha serie de perigosas aventuras e infortunios, naufraga nunha illa deserta. Para sobrevivir na illa e dominar unha natureza hostil, Crusoe verase obrigado a avivar o enxeño e a desenvolver múltiples destrezas.



144 p.

ISBN: 978-84-682-1299-9



11. O corcovado e outros contos de «As mil e unha noites»

Anónimo

Ilustracións: **Michael Foreman**
Contos de aventuras, fantasía e humor

Nestes dez contos de *As mil e unha noites*, as anécdotas máis divertidas e as fábulas máis formativas conviven con historias tan fantásticas como a do home que gardaba na súa bolsa toda unha cidade, o corcovado que morreu catro veces e ao fin resucitou, o avaro que o perdeu todo por mor dos seus zapatos e o leñador que tornou rico ao grito de «Ábrete, sésamo!».

 128 p. ISBN: 978-84-682-1302-6



12. O misterio dos bailaríns Penca de Prata

Arthur Conan Doyle

Ilustracións: **Tha**
Relatos policiais

A capacidade de observación e o talento dedutivo de Sherlock Holmes relocen nestes dous relatos subxugantes. En *O misterio dos bailaríns*, o famoso detective resolve un intrigante asasinato grazas ao enxeñoso desciframento dun criptograma, mentres que en *Penca de Prata* Holmes ten que empregar toda a súa perspicacia para desbatar as probas que acusan o presunto culpable e identificar o verdadeiro asasino.

 128 p. ISBN: 978-84-682-1300-2




13. Relatos de pantasmas

Steven Zorn

Ilustracións: **John Bradley**
Misterio, terror e humor

Un viaxeiro comparte o camarote dun barco cun morto vivente... Un rapaz orfo recibe a visita de dúas pantasmas de curta idade que non pretenden outra cousa que salvarlle a vida... Atrévete a entrar no mundo misterioso e fantástico dos oito contos deste libro. En cada unha das súas páxinas atoparás unha sorpresa.

 96 p. ISBN: 978-84-682-1301-9




14. Oliver Twist

Charles Dickens

Adaptación: **P. Anton Pascual**
Ilustracións: **C. Birmingham**
Novela realista e moral

Esta conmovedora novela narra as desventuras de Oliver Twist, un rapaz que medra nun refuxio de mendigos e que sofre incontables penalidades cando se une, sen sabelo, a una banda de garduños. Cun hábil manexo da intriga e o misterio, Dickens traza un retrato satírico dunha sociedade incapaz de comprender que só o amor pode vencer os peores instintos humanos.

 168 p. ISBN: 978-84-682-1298-2



15. Miguel Strogoff

Jules Verne

Adaptación: **J. M. Pérez Zúñiga**
Ilustracións: **Javier Serrano**
Novela de aventuras

O capitán Miguel Strogoff realiza unha longa e perigosa viaxe pola estepa siberiana para previr o gobernador de Irkutsk contra o traidor Iván Ogareff, que se aliou cos invasores tártaros. Polo camiño, o correo do tsar é capturado e cegado cun sabre incandescente polo inimigo. Con todo, a perseveranza de Strogoff e a axuda da moza Nadia permiten que o heroe escape, se enfrente a Ogareff e deteña a invasión tártara.

 176 p. ISBN: 978-84-682-1442-9



18. As viaxes de Gulliver

Jonathan Swift


Adaptación: **Martin Jenkins**

Ilustracións: **Chris Riddell**

Novela de aventuras, fantasía e sátira social

Tras naufragar na illa de Liliput, o doutor Lemuel Gulliver coñece os seus diminutos e mesquiños habitantes, capaces de declararlle a guerra ao país veciño por non se poñeren de acordo sobre como escachar os ovos. Nas viaxes sucesivas, Gulliver convive con outros personaxes extraordinarios, a través dos cales satiriza, con humor e enxeño, os defectos dos seres humanos.

 160 p. ISBN: 978-84-682-1643-0



edubook



19. Amigos robots


Isaac Asimov

Ilustracións: **David Shannon**

Ciencia ficción

Nos dous relatos deste libro, Asimov descríbennos unha sociedade futura na que os robots se converten en fieis servidores dos seres humanos até o extremo de suplir as súas carencias afectivas. Tal é o caso de Robbie, un dos contos máis tenros escritos polo autor, e tamén de Sally, relato no que uns coches dotados de intelixencia defenden o seu dono do ataque duns mafeitores.

 96 p. ISBN: 978-84-682-1589-1



20. O mago de Oz

L. Frank Baum


Adaptación: **Germán Vives**

Ilustracións: **Robert Ingpen**

Fantasía e aventura

Da man da pequena Dorothy, Baum lévanos de viaxe ao máximo reino de Oz, onde as bruxas batallan coas fadas e o máis insólito semella posible. Unha sucesión de emocionantes aventuras e inesquecibles personaxes apréndenos que todos os nosos soños poden facerse realidade se loitamos por eles con ilusión e esforzo.

 160 p. ISBN: 978-84-682-1571-6



edubook

Aula das Letras

Concibida para cubrir as etapas da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, esta colección reúne unha serie de libros que cativarán o interese do estudante tanto polos seus temas coma polo seu valor literario. A carón de autores de obrigada presenza (Poe, London, Conan Doyle...), **Aula das Letras** ofrece opcións innovadoras tales como escolmas de relatos policiais, de humor ou de narracións fantásticas. Esta colección aspira así mesmo a familiarizar o alumnado con todos os xéneros literarios, polo que inclúe novelas, relatos, pezas teatrais...

Alén de ponderadas introducións, cada edición incorpora unha útil dobre anotación (léxica e explicativa) e, sobre todo, un amplo abano de propostas de traballo onde o texto se analiza non só desde o punto de vista literario, senón atendendo a outros enfoques que o contido de cada libro esixe: histórico, ético etc.

A colección conta con ilustracións en cor de artistas de recoñecido prestixio.



Os **textos auxiliares** reúnen documentos críticos, históricos, éticos etc., que constitúen o punto de partida para as actividades.

Foliación en números arábigos.

Nota léxica redactada con claridade.

Número da **nota sociocultural** ou de interpretación destacado en cor.


Clara división temática en apartados e subapartados.

A **letra en negra** destaca os temas nos que se centran as preguntas.

Explicación previa á formulación de cuestións.

Nas **actividades** remítese aos textos auxiliares, á Introducción e, sobre todo, ao propio texto literario.

Todos os volumes contan con **ilustracións en cor**.



1. O escaravello de ouro Os crimes da rúa Morgue

Edgar Allan Poe

Ilustracións: **Tino Gatagán**
Relatos de enxeño e de misterio

Este libro reúne dous dos contos máis famosos de Poe. En «O escaravello de ouro», o achado dun pergameo cunha mensaxe cifrada da pé á exhibición do enxeño do protagonista, Legrand, e do humor do seu inesquecible criado. En «Os crimes da rúa Morgue», o investigador Dupin consegue resolver cunha asoballante lóxica o enigmático caso dun crime cometido nun cuarto fechado.



160 p.

ISBN: 978-84-682-1047-6



edubook

2. A visita do inspector

J. B. Priestley

Ilustracións: **Svetlin**
Drama moral e de intriga

Un inspector de policía preséntase no domicilio da familia Birling, interrompe a animada cea coa que están a celebrar o compromiso matrimonial de Sheila e indaga na implicación dos comensais no suicidio dunha moza. A obra desenvolve a partir de entón unha trama chea de suspense na que se presenta un tema de fondo calado moral: todos formamos parte da humanidade e somos responsables da sorte dos demais.



144 p.

ISBN: 978-84-682-1048-3



Aula das Letras Vicens Vives

3. A chamada da natureza

Jack London


Ilustracións: **Victor G. Ambrus**
Novela naturalista e de aventuras

Ambientada no Canadá e durante a «febre do ouro» de 1897, *A chamada da natureza* relata a loita pola supervivencia de Buck, un can ao que uns desapehados raptan en California para ser vendido nas xélicas terras do Norte. A crueldade que Buck debe afrontar queda mitigada polo amor e a fidelidade que o can sente polo seu amo, unha lección que nos fai vibrar e que London nos transmite con todo dramatismo...



224 p.

ISBN: 978-84-682-1070-4



Aula das Letras Vicens Vives

edubook

5. Canción de Nadal

Charles Dickens


Ilustracións: **P. J. Lynch**
Novela moral e de fantasía

A melodramática historia do vello avaro Ebenezer Scrooge, que unha noite soña cos horrores que haberá de padecer se porfía no seu detestable egoísmo, ofrécese nesta fermosa edición cun prólogo que estuda a famosa obra de Dickens con detalle. A edición conta con máis de sesenta acuarelas do artista irlandés P. J. Lynch e unhas actividades que analizan o libro desde o punto de vista literario, histórico e ético.



240 p.

ISBN: 978-84-682-1304-0



Aula das Letras Vicens Vives

edubook

6. Antoloxía do relato policial


Selección: **J.Santamaría e P. Alonso**

Ilustracións: **Tha**

Relatos policiais

Os relatos policiais desta engaiolante escolma conteñen os grandes temas do xénero e contan cos máis famosos detectives como protagonistas: o inimitable Sherlock Holmes, o duro e cínico Sam Spade ou o infalible Ellery Queen. Nos contos de Conan Doyle, Dashiell Hammett, Berkeley Cox ou William Irish, o lector descubrirá a fascinación que exerce o misterio e o pracer que produce resolvelo.

 336 p. ISBN: 978-84-682-1305-7



edubook

7. As mil e unha noites


Selección: **Brian Alderson**

Ilustracións: **Michael Foreman**

Relatos de aventuras, de misterio e de humor

Magoado pola infidelidade da súa esposa, un vingativo sultán decide axustizar cada día unha muller até que, chegada a quenda de Sahrazad, a rapaza se nega a aceptar ese destino atroz. Para adiar a súa morte, Sahrazad acorda cativar a atención do rei unha noite tras outra con historias ateigadas de prodixios, relatos de misterio e intriga, contos humorísticos... até conformar o libro máis fascinante de todos os tempos.

 256 p. ISBN: 978-84-682-1306-4



Aula das Letras Vicens Vives

8. O signo dos catro


Arthur Conan Doyle

Ilustracións: **Svetlin**

Relato policial e de misterio

A señorita Mary Morstan acode a Sherlock Holmes para que a acompañe a unha cita cun home descoñecido que lle foi enviando unha perla cada ano durante os últimos dez. O enigmático personaxe é fillo dun amigo do pai de Mary, un oficial británico desaparecido misteriosamente, e no encontro relátalles unha trepidante historia de roubos, traizóns e asasinatos que Holmes deberá solucionar.

 232 p. ISBN: 978-84-682-1307-1



Aula das Letras Vicens Vives

edubook

9. O can dos Baskerville


Arthur Conan Doyle

Ilustracións: **Iassen Ghiuselev**

Relato policial e de misterio

Desexoso de satisfacer os seus ávidos lectores, Arthur Conan Doyle baseouse na lenda dun can feroz e espectral para compoñer a máis brillante de todas as novelas nas que o protagonista é Sherlock Holmes. *O can dos Baskerville* é unha obra espléndida onde, a partir da fusión do xénero policial cos recursos da novela gótica, se contrapoñen, sazonados cunha boa dose de suspense, o poder da razón e as pantasma do sobrenatural.

 304 p. ISBN: 978-84-682-1445-0



Aula das Letras Vicens Vives

edubook

10. O gato negro e outros contos de horror

Edgar Allan Poe


Ilustracións: **Jesús Gabán**
Relatos de fantasía e horror

Para provocar o espanto do lector, Poe indagou nos recantos máis escuros da mente humana: dela proceden as imaxes delirantes que inducen ao asasinato os protagonistas dalgúns relatos («O gato negro» e «O corazón delator») e nela incuba o desexo de vinganza que culmina en atroces crimes («A barreira de amontillado» e «Hop Frog»). En todos estes relatos, en fin, brilla o xenio literario de Poe, mestre inigualado de contistas.



224 p.

ISBN: 978-84-682-1446-7



edubook

12. Viaxe ao futuro Relatos de ciencia ficción

Edición: **Agustín Sánchez Aguilar**

Ilustracións: **Enrique Breccia**
Relatos de ciencia ficción

Non hai xogo máis excitante que imaxinar o que vai vir. A iso é ao que se dedica a ciencia ficción, o xénero ao que pertence *Viaxe ao futuro*. Unha partida de cazadores embarca nunha máquina do tempo para matar un dinosauro, cinco astronautas desaparecen sen deixar rastro no planeta Xúpiter, un androide chega á Terra cargado cunha bomba letal, unha estraña epidemia impulsa os homes a acabar coas mulleres que aman...



320 p.

ISBN: 978-84-682-1448-1



Aula das Letras Vicens Vives

13. A pantasma de Canterville e outros contos

Oscar Wilde


Ilustracións: **Alicia Cañas**
Relatos de fantasía e horror

Encabezada por «A pantasma de Canterville», un relato que combina trazos do xénero gótico e unha divertidísima sátira da aristocracia británica, esta antoloxía reúne os contos máis entrañables do escritor irlandés. Neles, Wilde critica a ridícula vaidade dun pretensioso foguete, censura a hipocrisía de quen finxe amizade ou conxénios co amor e a xenerosidade sen límites de moitos dos seus personaxes.



224 p.

ISBN: 978-84-682-1644-7



Aula das Letras Vicens Vives

edubook

14. Robbie e outros relatos

Isaac Asimov

Ilustracións: **David Shannon**
Relatos de ciencia ficción

Que pasará cando utilizemos os robots como coidadores dos nosos fillos e como condutores dos nosos coches; cando confiemos neles para escoller os nosos gobernantes e para resolver todos os nosos problemas? Que ocorrerá se as máquinas comezan a decidir por nós? Ateigado de suxestivas preguntas e de imaxinativas respostas, *Robbie e outros relatos* amósanos un futuro que ilusiona e inquieta ao mesmo tempo.



168 p.

ISBN: 978-84-682-1588-4



Aula das Letras Vicens Vives

Coleccións

CUCAINA	4
1. A voz dos soños e outros contos prodixiosos	6
2. O Xigante egoísta e outros contos prodixiosos	6
3. Fábulas de Esopo	6
4. Conto de Nadal	6
5. Mitos gregos	6
6. Un tirón no rabo	7
7. Aprendiz de detective Un roubo moi custoso	7
8. Relatos de monstros	7
9. Grandes esperanzas	7
10. Robinson Crusoe	7
11. O corcovado e outros contos de «As mil e unha noites»	8
12. O misterio dos bailaríns Penca de Prata	8
13. Relatos de pantasmas	8
14. Oliver Twist	8
15. Miguel Strogoff	8
18. As viaxes de Gulliver	9
19. Amigos robots	9
20. O mago de Oz	9
AULA DAS LETRAS	10
1. O escaravello de ouro Os crimes da rúa Morgue	12
2. A visita do inspector	12
3. A chamada da natureza	12
5. Canción de Nadal	12
6. Antoloxía do relato policial ..	13
7. As mil e unha noites	13
8. O signo dos catro	13
9. O can dos Baskerville	13
10. O gato negro e outros contos de horror	14
12. Viaxe ao futuro Relatos de ciencia ficción	14
13. A pantasma de Canterville e outros contos	14
14. Robbie e outros relatos	14



**Entra agora e crea
o teu plan lector!**



Síguenos en:

